

PREGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS

ANO:
2016

ANO:
2016

TÍTULO:	ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA.
---------	---------------------------------

TÍTULO:	ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA.
---------	---------------------------------

ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE:
CONCELLO DE SANXENXO

ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE:
CONCELLO DE SANXENXO

ENXEÑEIRO TÉCN. MUNICIPAL:	JOSÉ M ^a TRONCOSO VIÑAS
----------------------------	------------------------------------


ENXEÑEIRO TÉCN. MUNICIPAL:	JOSÉ M ^a TRONCOSO VIÑAS
----------------------------	------------------------------------

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:	41.140,00 € (incluído o IVE)
------------------------------------	------------------------------

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:	41.140,00 € (incluído o IVE)
------------------------------------	------------------------------

DATA:	ABRIL 2016
-------	------------

DATA:	ABRIL 2016
-------	------------



ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS.

1. OBXECTO DO CONTRATO

O Concello de Sanxenxo pretende levar a cabo os trámites necesarios para contratar a prestación do servizo de asistencia técnica dos equipos informáticos, servidores, impresoras e equipamento vario vinculado ao hardware pertencente a Administración contratante, tanto da Entidade Local como do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo. Ao mesmo tempo preténdese levar a cabo a contratación da subministración de todos aqueles aparellos/accesorios que sexa indispensable a súa adquisición para o bo funcionamento dos equipos informáticos, servidores, impresoras e equipamento vario existentes vinculados ao presente Prego, incluso a adquisición de equipamento informático novo, no caso de que a reparación dos existentes non sexa unha alternativa.

2. NATUREZA DO CONTRATO

Trátase dun contrato mixto, de servizo de asistencia técnica informática e de subministración de todo tipo de materiais informáticos de hardware, no que prevalece porcentualmente o servizo.

De acordo co establecido na cláusula 1ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a presente contratación e tendo en conta os importes tanto do servizo como da subministración, as actuacións contempladas no presente Prego, cuantifícanse porcentualmente como segue:

- SERVIZO: 64,85%
- SUBMINISTRACIÓN: 35,15%

3. RELACIÓN DOS EQUIPOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA.

A relación dos equipos vinculados á prestación do servizo de asistencia técnica informática é a seguinte:

- 135 ud. de ordenadores persoais de diferentes características e con diversos sistemas operativos instalados, dende Windows XP ata Windows 10, cos seus correspondentes periféricos.
- 5 ud. de ordenadores portátiles de diferentes características e con diversos sistemas

operativos instalados.

- 10 ud. de servidores con sistemas operativos Windows 2003 Server e Linux Gentoo, con funcionalidades varias como xestor de dominio, copias de seguridade, firewall, VPN, xestor de aplicacións, almacenamento, etc.
- 34 ud. de impresoras e multifuncións, tanto láser como de inxección.
- Outro equipamento vario a prestar asistencia técnica e mantemento son os puntos de acceso wifi, routers, scanner, SAI's, e switch.

4. TAREFAS A REALIZAR POLO ADXUDICATARIO VINCUALADAS Á PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA INFORMÁTICA.

As tarefas a realizar polo adxudicatario consistirán na:

- Reparación e mantemento, tanto preventivo como correctivo, da totalidade do material e equipos informáticos pertencentes á Administración contratante, tanto da Entidade Local como do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo, e que están reflectidos na cláusula 3ª do presente Prego. En dito mantemento están incluídos a conservación, actualización e revisión da totalidade do material informático, así como todos os gastos de desprazamento, man de obra e ferramentas necesarias para realizar os traballos que sexan necesarios para levar a cabo o contrato. Non se inclúe o custo das pezas a substituír.
- Tarefas de execución de copias de seguridade programadas e manuais.
- Tarefas de asistencia técnica ao persoal municipal en todo o vinculado co equipamento informático.
- Debido ao elevado número de equipos e as diversas dependencias municipais, os tempos de resposta desta asistencia técnica deberán ser breves, estando obrigada a empresa adxudicataria, na maior parte dos días laborables, a permanecer nas dependencias municipais durante toda ou gran parte da xornada laboral.
- Tarefas de asesoramento técnico, ensinanza ou axuda ao persoal municipal coas aplicacións informáticas estándar e propias, durante o normal desenvolvemento das súas funcións.
- Tarefas de asistencia técnica e axuda ao persoal municipal en todos os trámites que se realizan telematicamente con outras administracións (DOGA, BOE, etc.).
- Outros mantementos ou asistencias que poida precisar o Ente contratante ou os seus organismos.



5. SUBMINISTRACIÓN DE ELEMENTOS, MATERIAIS E ACCESORIOS INFORMÁTICOS.

- Considerada a súa adquisición indispensable para un correcto funcionamento dos elementos informáticos asociados, tanto da Entidade Local como do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo, no Anexo-1 do presente Prego reflíctese unha relación valorada estimada dos equipamento a subministrar polo adxudicatario, xunto co seu valor unitario, sen IVE.

6. DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración do contrato será de **SEIS (6) MESES**, coa posibilidade dunha prórroga de **TRES (3) meses**.

7. ORZAMENTO MÁXIMO DA LICITACIÓN, VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E PREZO DO CONTRATO.

No que respecta ao servizo, o orzamento máximo de licitación por mes é de 2.450,00 €, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE), o IVE ascende a 514,50 € e o orzamento máximo de licitación por mes co IVE é de 2.964,50 €. O orzamento máximo de licitación polos seis meses de duración do contrato é de 14.700,00 €, sen incluír o IVE, o IVE ascende a 3.087,00 €, e o orzamento máximo de licitación, incluído o IVE é de 17.787,00 €.

O contrato é susceptible dunha prórroga de 3 meses. Incluída a mesma, o orzamento máximo de licitación, ascende a 22.050,00 €, sen IVE; o IVE ascende a 4.630,50 €, e o orzamento máximo de licitación é de 26.680,50 €.

Referente á subministración, o orzamento máximo de licitación, durante os seis meses de duración do contrato, é de 7.967,00 € sen engadir o IVA, o IVE ascende a 1.673,07 €. O orzamento máximo de licitación, incluído o IVE é de 9.640,07 €. Dada a posibilidade de prórroga do contrato, o orzamento máximo de licitación pola subministración de materiais informáticos, incluída a prórroga ascendería a 11.950,00 € sen IVE. O IVE sería de 2.509,50 €, e o orzamento máximo de licitación co IVE sería de 14.459,50 €.

O valor total estimado do contrato (servizo e subministración), incluída a prórroga é de 34.000,00 € sen IVE. O IVE ascende a 7.140,00. Incluído o IVE, ascende a 41.140,00 euros

Sanxenxo, abril de 2016

Enxeñeiro Téc. Municipal

Asdo: José María Troncoso Viñas





ANEXO – 1

SUBMINISTRACIÓN DE ELEMENTOS, MATERIAIS E ACCESORIOS INFORMÁTICOS



CONCELLO DE

SANXENXOConsistorio, 4
36960 Sanxenxo
PontevedraTel.: 986 720 075
Fax: 986 721 022**ANEXO-1 – SUBMINISTRACIÓN DE ELEMENTOS, MATERIAIS E ACCESORIOS INFORMÁTICOS**

EQUIPAMENTO	PREZOS SEN IVE
-------------	-------------------

PC SOBREMESA	
Pc Sobremesa ATX Intel i3 Gama Media S.O. PRO	475,00 €
Pc Sobremesa ATX Intel i5 Gama Media S.O. PRO	550,00 €
EQUIPOS PORTATILES	
Portátil gama Básica son Sistema PRO	500,00 €
Portátil gama Media son Sistema PRO	650,00 €
Portátil gama Alta son Sistema PRO	800,00 €
MONITORES	
Monitor 21" Gama Media	115,00 €
Monitor 24" Gama Media	145,00 €
MICROPROCESADORES	
Intel Core i3 Velocidade Media	130,00 €
Intel Core i5 Velocidade Media	190,00 €
Intel Core i7 Velocidade Media	330,00 €
PLACA BASE	
Placa Madre Gama Media	55,00 €
Placa Madre Gama Media - Alta	65,00 €
Placa Madre Gama Alta	80,00 €
MEMORIA	
DIMM DDR3 1 Gb Gama Media	20,00 €
DIMM DDR3 2 Gb Gama Media	25,00 €
DIMM DDR3 4 Gb Gama Media	30,00 €

EQUIPAMENTO	PREZOS SEN IVE
-------------	-------------------

TARXETAS DE REDE	
Tarxeta de Rede 10/100/1000 RJ45	15,00 €
Tarxeta de Rede Inalámbrica	20,00 €
LECTORES	
Grabadora DVD SATA	15,00 €
Lector CD-ROM	12,00 €
ALMACENAMIENTO EXTERNO	
Pendrive 32 Gb	10,00 €
Pendrive 64 Gb	20,00 €
Pendrive 128 Gb	40,00 €
HDD Externo 500 Gb	45,00 €
HDD Externo 1 Tb	60,00 €
HDD Externo 2 Tb	85,00 €
IMPRESORAS	
Impresora Color Inxección Gama Media	75,00 €
Impresora Monocromo Láser Gama Media	200,00 €
Impresora Color Láser Gama Media	250,00 €
Multifunción Color Inxección Gama Media	125,00 €
Multifunción Color Láser Gama Media	325,00 €
SAI	
SAI Off Line 800 VA Gama Media	65,00 €
SAI On Line 1000 VA Gama Media	450,00 €





ALMACENAMIENTO INTERNO	
HDD Interno 3'5" 500 Gb Gama Media SATA3	50,00 €
HDD Interno 3'5" 1 Tb Gama Media SATA3	60,00 €
HDD Interno 3'5" 2 Tb Gama Media SATA3	80,00 €
FONTE ALIMENTACION	
Fonte Alimentación 500W Gama Media SATA	35,00 €
Fonte Alimentación 600W Gama Media SATA	40,00 €
Fonte Alimentación 700W Gama Media SATA	45,00 €
TECLADO E RATÓN	
Teclado USB Gama Media	15,00 €
Rato USB Gama Media	10,00 €
TARXETAS GRÁFICAS	
PCI Express DDR3 Gama Media	40,00 €
PCI Express DDR5 Gama Media	100,00 €

SAI On Line 2000 VA Gama Media	800,00 €
SAI On Line 3000 VA Gama Media	1.000,00 €
PUNTOS DE ACCESO	
Punto de acceso Wifi Gama Media	45,00 €
Punto de acceso Wifi Gama Media-Alta	95,00 €
SWITCH	
Switch sobremesa Giga 8 portos Gama Media	30,00 €
Switch sobremesa Giga 16 portos Gama Media	85,00 €
Switch Rack Giga 16 portos Gama Media	125,00 €
Switch Rack Giga 24 portos Gama Media	155,00 €

